

ARBO**E D I C T O**

De conformidade co previsto no art. 44 do Regulamento de Organización Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais faise público que por resolución desta Alcaldía do día da data acordouse delegar a totalidade das atribucións da Alcaldía no Primeiro Tenente de Alcalde don Horacio Gil Expósito, no período do catro ó dezaioito de xullo de 2005.

Arbo, 2 de xullo de 2005.—O Alcalde, Manuel Rivera Domínguez. **2005006348**

* * *

CANGAS**A N U N C I O**

O Concello en Pleno en sesión de data 24 de xuño de 2005, acordou delegar na Xunta de Goberno Local a competencia para o establecemento e ordenación do prezo público pola prestación de servizos da gardería municipal, dacordo co disposto no artigo 47.1 do TRLFL.

Cangas, a 30 de xuño de 2005.—O Alcalde, José Enrique Sotelo Villar. **2005006350**

* * *

NIGRÁN**E D I C T O**

Polo acordo do Pleno do Concello de Nigrán do 1 de xullo do 2005, resolvéronse as reclamacións presentadas contra a aprobación provisional da Ordenanza Xeral de Subvencións a entidades sen ánimo de lucro do Concello de Nigrán, con aprobación simultánea do texto definitivo da citada ordenanza e en cumprimento do disposto no art.49 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, se proceda a súa publicación:

**ORDENANZA XERAL DE SUBVENCIÓNS
A ENTIDADES SEN ÁNIMO DE LUCRO
DO CONCELLO DE NIGRÁN**

**TÍTULO I
DISPOSICIÓNS XERAIS**

ARTIGO 1.—OBXETO

As presentes Bases teñen por obxecto regular, con carácter xeral, o réxime ó que debe axustarse a concesión e xustificación de subvencións a Entidades e Colectivos Cidadáns sen ánimo de lucro, para a realización de proxectos que fomenten a coopera-

ción entre o sector público e as Asociacións, a creación de redes asociativas e a participación dos cidadáns na actuación municipal.

As subvencións ás que se refiren as presentes Bases outorgaranse dacordo cos principios de obxectividade, concurrencia e publicidade, garantindo a transparencia das actuacións administrativas. A tales efectos, o órgano competente para conceder a subvención establecerá, caso de non existir e previamente á disposición dos créditos, as oportunas bases reguladoras da concesión.

ARTIGO 2.—ÁMBITO DE APLICACIÓN

As presentes Bases serán de aplicación a toda disposición gratuita de fondos públicos a favor de Asociacións e colectivos cidadáns que desenvolvan, no Concello de Nigrán, os proxectos ós que se refire o artigo 1, sen perxuízo de que poidan ser completadas coas bases específicas que, no seu caso, se establezan para convocatorias concretas.

ARTIGO 3.—RÉXIME XURÍDICO**O QUE SE SUXEITA O REGULAMENTO**

As presentes Bases suxeitanse á Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, e á Normativa Estatal de réximen local, e ás disposicións legais relativas á concesión de subvencións, contidas fundamentalmente na Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local; Lei Reguladora das Facendas Locais (TRLRFL); Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Corporacións Locais; Decreto de 17 de Xuño de 1955, polo que se aproba o Regulamento de Servizos das Corporacións Locais. Asímismo, se suxeitanse á normativa autonómica que, en cada caso, resulte de aplicación e ás Bases de Execución do Orzamento Municipal.

ARTIGO 4.—RÉXIME DE CONCORRENCIA

As subvencións ás que se refiren as presentes Bases, convocanse nun réxime de concurrencia, requirindo para a súa concesión, a comparación, nun único procedemento, dunha eventual pluralidade de solicitudes entre si, dacordo cos criterios establecidos nestas Bases e nas que, no seu caso, puideran rexir a convocatoria correspondente.

Só por razón da natureza da actividade a subvencionar ou das características da persoa ou entidade que vaia a executar aquela actividade, cando non sexa posible promover a concurrencia pública, as subvencións outorgaranse mediante resolución ou acordo motivado do órgano competente para concedelas, no que se fará constar as razóns que xustifiquen a excepción da convocatoria en réxime de concurrencia, así como a forma na que terán de ser xustificadas as aplicacións dos fondos recibidos. En todo caso, tramitarase o correspondente expediente.

ARTIGO 5.—CUANTÍA DA SUBVENCIÓN

As subvencións previstas nas correspondentes convocatorias estarán debidamente consignadas nos Orzamentos Municipais.

No caso de convocatorias realizadas en réxime de concorrencia, poderanse estimar as solicitudes ás que se teña outorgado maior valoración, sempre que reúnan os requisitos determinados nestas Bases e, no seu caso, nas bases da convocatoria, ata que se extinga o crédito orzamentario.

O importe das subvencións reguladas nas presentes Bases, en ningún caso poderán ser de tal cuantía que, illadamente ou en concorrencia con subvencións ou axudas doutras Administracións públicas ou de outros Entes públicos ou privados, sexan estatais ou internacionais, supere o orzamento do proxecto para o que se solicita.

ARTIGO 6.—REQUISITOS DOS PERCEPTORES DA SUBVENCIÓN

As entidades e colectivos cidadáns que soliciten as subvencións ás que se refiren estas Bases, ademáis de carecer de ánimo de lucro, deberán cumprir os requisitos esixidos na correspondente convocatoria. Ademáis, cando se trate de Asociacións, deberán estar inscritas no Rexistro da Comunidade Autónoma e no Municipal, de Entidades Cidadáns.

ARTIGO 7.—DEREITOS E OBRIGAS DOS PERCEPTORES DA SUBVENCIÓN

A entidade ou colectivo receptor da subvención terá dereito a recabar e obter en todo momento o apoio e a colaboración da entidade local na realización da actividade ou proxecto que se subvenciona (permisos, autorizacións, licencias, etc.).

Os perceptores da subvención están obrigados a:

1. Aceptar a subvención. En caso de que esto non sexa posible deberán renunciar a ela expresa e motivadamente, no prazo de quince días, contados a partires de aquél no que reciban a notificación de concesión da subvención.
2. Realizar a actividade para a que foi concedida a subvención, axustándose ós termos do proxecto.
3. Acreditar ante a entidade local concedente a realización da actividade e cumprir cos requisitos e condicións que tiveran determinado a concesión da axuda.
4. Someterse ás actuacións de comprobación, que puidera efectuar a entidade concedente, así como facilitar os datos que se lle requieran.

5. Dar conta á Entidade local das modificacións que poidan xurdir na realización do proxecto, xustificándoas adecuadamente.
6. Comunicar á entidade concedente a obtención das subvencións ou axudas para a mesma finalidade, procedentes de outras Administracións e Entidades públicas ou privadas, estatais ou internacionais.
7. Xustificar adecuadamente a subvención na forma que se prevé no Título III.

**TÍTULO II
PROCEDIMENTO**

**CAPÍTULO I
INICIACIÓN**

ARTIGO 8.—CONVOCATORIA

Agas no suposto previsto no párrafo segundo do artigo 4, o procedemento iniciaráse mediante convocatoria efectuada polo órgano competente para a súa resolución e publicada no Taboleiro de Edictos da Corporación e no Boletín Oficial da Provincia.

No anuncio da convocatoria indícarase alomenos:

1. Obxecto e finalidade da subvención.
2. Requisitos para solicitar a subvención.
3. Lugar das oficinas municipais onde os interesados poidan obter as bases da convocatoria.
4. Lugar e prazo de presentación das solicitudes.

ARTIGO 9.—BASES DA CONVOCATORIA

Previamente á publicación da convocatoria, o órgano competente para a resolución do procedemento deberá aprobar as bases específicas que van a rexila.

As bases deberán respetar, en todo caso, as presentes Normas e conterán como mínimo:

1. Obxecto, condicións e finalidade da subvención.
2. Créditos orzamentarios ós que se lles imputa a subvención.
3. Requisitos que deberán reunir os solicitantes.
4. Lugar e prazo de presentación das peticións.
5. Documentos e información que deben acompañar á petición.
6. Criterios de valoración das peticións.
7. Prazo e forma de xustificación polo beneficiario do cumprimento da finalidade para a que se concede a subvención.
8. Órganos competentes para a instrución e a resolución do procedemento.
9. Forma de pago da subvención concedida.
10. Prazo de resolución do procedemento.

CAPÍTULO II
PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES

*ARTIGO 10.—PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES
E PRAZOS*

As entidades e colectivos interesados deberán solicitar a subvención dentro do prazo que se sinala na convocatoria, puidéndose formalizar en impreso normalizado establecido ó efecto. Sen perjuicio do que poidan establecer as bases específicas da convocatoria, a solicitude acompañarase a documentación que se especifica nos artigos seguintes.

*ARTIGO 11.—LUGAR DE PRESENTACIÓN
E ÓRGANO O QUE SE DIRIXE A PETICIÓN*

As solicitudes, xunto coa documentación que se acompañe, presentaranse en calquera das Oficinas do Rexistro Xeral da Entidade, e serán dirixidas ó órgano convocante.

*ARTIGO 12.—DOCUMENTACIÓN A PRESENTAR
POLAS ASOCIACIÓNS E OUTRAS ENTIDADES
CON PERSONALIDADE XURÍDICA*

A solicitude de subvención deberá ir acompañada pola seguinte documentación:

a) Para medir a representatividade da Asociación.

- Certificación expedida pola Secretaría Xeral da Corporación na que se acredite, no seu caso, a declaración de interés público municipal.
- Declaración xurada expedida polos órganos representativos da entidade, na que se faga constar o número de socios ó corrente de cuotas e as efectivamente cobradas no exercicio anual e no precedente.
- As Federacións, Unións, Confederacións ou calisquer outra forma de integración de Asociacións de base referirán esta certificación ás Asociacións de base nelas integradas, incluíndo a relación nominal das mesmas.
- Memoria das actividades desenvoltas pola entidade no ano anterior.

b) Para cuantificar a subvención:

- Declaración xurada das subvencións recibidas de institucións públicas ou privadas para dito programa.
- Memoria Xustificativa da necesidade da subvención que se solicita.

- Proxecto concreto para o que se pretende a subvención e presupuesto pormenorizado dos gastos e ingresos a realizar para a súa execución.
- Sistemas de seguemento e autoevaluación da execución do proxecto.
- Cualquer outro documento que se considere necesario para permitir unha mellor valoración das subvencións solicitadas.
- Asimesmo, deberán presentar:
 - Declaración xurada do representante legal da entidade de non atoparse inhabilitado para contratar coas Administracións públicas ou para obter subvencións das mesmas e de atoparse facultado para actuar en nome da entidade.
 - Certificación acreditativa de non ser deudor da Facenda Pública e de estar ó corrente das súas obrigas coa Seguridade Social.
 - Acreditación de estar ó corrente do pago de todo tipo de obrigas fiscais co Concello.
 - Datos da entidade bancaria á que se lle transferirá o importe da subvención que puidera concederse.

*ARTIGO 13.—DOCUMENTACIÓN A PRESENTAR
POLOS COLECTIVOS CIUDADÁNS*

- Proxecto concreto para o que se pretende a subvención e o orzamento pormenorizado dos gastos e ingresos a realizar para a súa execución.
- Sistemas de seguemento e autoevaluación da execución do proxecto.
- Calisquer outro documento que se considere necesario para permitir unha mellor valoración da subvención solicitada.
- Datos pessoais do representante do colectivo (nome e apelidos, NIF, domicilio, teléfono, e-mail, etc.).
- Relación nominal, coa súa aceptación expresa, das persoas que integran o proxecto.
- Declaración xurada do representante legal de non atoparse inhabilitado para contratar coas Administracións Públicas ou para obter subvencións das mesmas e de atoparse facultado para actuar no seu nome.
- Datos dunha conta bancaria mancomunada con alomenos tres titulares.

ARTIGO 14.—SUBSANACIÓN DE ERROS DA SOLICITUDE

Se o escrito de solicitude non reunira os requisitos necesarios para a súa tramitación, requirírase por escrito ó solicitante para que subsane os defectos observados no prazo de quince días, quedando apercebido de que non facelo, suporá o desestímulo da súa petición e arquivaranse as actuacións sen máis trámite, conforme ó previsto no art. 71 da Ley 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común.

**CAPÍTULO III
TRAMITACIÓN****ARTIGO 15.—REMISIÓN O PROCEDEMENTO ADMINISTRATIVO COMÚN**

A tramitación das solicitudes, emisión dos informes que procedan, requerimentos, resolución, notificacións, recursos, e cantos actos sexan precisos ata chegar á finalización do procedemento, axustarase ó preceptuado na Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común.

ARTIGO 16.—COMISIÓNS DE VALORACIÓN

Para a valoración dos proxectos poderán constituírse Comisións de Valoración, das cales a composición e funcións detallaranse nas normas específicas da correspondente convocatoria.

Corresponde á Comisión de Valoración formular a proposta de resolución. A proposta, que non terá carácter vinculante, deberá expresar o solicitante ou a relación de solicitantes para os que se propón a concesión da subvención, e a súa cuantía, expresando os criterios de valoración seguidos para efectualala.

**CAPÍTULO IV
RESOLUCIÓN E PAGO DA SUBVENCIÓN****ARTIGO 17.—RESOLUCIÓN**

Será competente para resolver as solicitudes de subvención o órgano que o sexa para a disposición do gasto, sen perxuicio da delegación que poida efectuarse a favor da Xunta de Goberno Local. Ós efectos do previsto no artigo 42 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas, o prazo máximo para resolver as solicitudes de subvención será de tres meses contados a partir do día da conclusión do prazo establecido na convocatoria para presentalas e o silencio da Administración terá carácter desestimatorio.

O acordo de resolución da subvención será notificado á entidade solicitante. No caso de concesión,

expresarae a contía da subvención, forma de pago, condicións nas que se outorga e os medios de control que, no seu caso, se estableceran.

Non se concederán subvencións en tanto non se xustificaran adecuadamente as subvencións anteriores.

ARTIGO 18.—PAGO DA SUBVENCIÓN

Sempre que sexa posible, a cantidade concedida librarase no momento de concesión da subvención.

Cando se considere oportuno, as Bases da convocatoria poderán establecer un sistema de pago fraccionado, puidendo condicionarse o pago da segunda parte da subvención á necesidade de xustificar a primeira parte efectivamente librada.

**TÍTULO III
XUSTIFICACIÓN DA SUBVENCIÓN****CAPÍTULO I
OBRIGA DE XUSTIFICAR E DOCUMENTACIÓN****ARTIGO 19.—OBRIGA DE XUSTIFICAR**

As Asociacións ou Entidades perceptoras destas subvencións con cargo ó Orzamento Municipal, deberán xustificar, en todo caso, e, se é preciso, a requerimento dos Servicios Técnicos Municipais competentes, a aplicación dos fondos percibidos ante o órgano que teña tramitado a concesión, no prazo máximo de tres meses, contados dende a data inicialmente prevista para a realización do proxecto ou actividade que se subvencionana.

De non finalizarse o proxecto ou actividade na data sinalada, deberá solicitarse de forma escrita, polo beneficiario, a ampliación do prazo de xustificación, con indicación da data final do mesmo.

ARTIGO 20.—FORMA DE ACREDITAR A REALIZACIÓN DO PROXECTO

A acreditación da realización do proxecto ou actividade subvencionada, efectuarase polos seguintes medios:

- a) Memoria detallada da realización da totalidade do proxecto ou actividade conforme ó orzamento, con expresa mención dos resultados obtidos, deducidos da aplicación dos sistemas de seguemento e autoevaluación propostos coa solicitude.
- b) Certificación, expedida polo perceptor de que foi cumprida a finalidade para a cal otorgouse a subvención, conforme ó proxecto presentado.

- c) Asimesmo, os perceptores da subvención deberán aportar os orixinais da totalidade dos recibos e facturas do importe abonado con cargo á subvención concedida. Poderán aportarse, no seu caso, nóminas, tributos, cuotas da Seguridade Social, etc.

ARTIGO 21.—REQUISITOS QUE DEBEN REUNIR AS FACTURAS

As facturas deberán de reunir os requisitos esixidos con carácter xeral no Real Decreto 2401/1985, de 18 de decembro, regulador do deber de expedición e entrega de facturas por empresarios e profesionais.

Deberán presentarse orixinais que serán compulsados polo órgano xestor da subvención e devoltos ós interesados á maior brevidade posible. Nas facturas, deixarase constancia de que foron utilizadas como xustificante da subvención percibida, quedando así invalidadas mediante a impresión nas mesmas dun selo no que se especifique a súa utilización para a xustificación da subvención da convocatoria correspondente.

En todo caso, as facturas terán que estar datadas no exercicio económico para o que se teñan concedido as subvencións, conter o número de identificación fiscal do preceptor, selos e firmas dos suministradores.

ARTIGO 22.—OUTROS DOCUMENTOS XUSTIFICATIVOS

Poderán presentarse, a efectos de xustificar adecuadamente a subvención concedida os exemplares da documentación e publicidade xerada pola actividade.

Culaquer outra documentación que se poida pedir en orden á mellor xustificación do gasto, poderá ser esixida tamén polo órgano xestor encargado de velar pola xustificación da subvención concedida.

ARTIGO 23.—REPERCUSIÓN DE GASTOS CORRENTES

Nos casos en que así se decida polo órgano concedente da subvención, entenderase, a efectos de xustificación, que un 8 por cento do importe total percibido quedará xustificado coa mera acreditación dos gastos estruturais derivados das actividades subvencionadas.

Esta previsión non será de aplicación a aquelas entidades ás cales se tivera outorgado subvención para gastos corrientes.

**CAPÍTULO II
PROCEDIMENTO DE XUSTIFICACIÓN**

ARTIGO 24.—INFORME DOS SERVICIOS

Unha vez recibida a documentación pertinente, os Servicios dependentes do órgano xestor da subvención emitirán informe acerca do grado de cumprimento dos fins para os cales se concedera a subvención e a adecuación dos gastos realizados ós mesmos.

ARTIGO 25.—INFORME DA INTERVENCIÓN DE FONDOS MUNICIPAIS

As actuacións relativas á xustificación da subvención remitiranse á Intervención Municipal para a súa fiscalización.

ARTIGO 26.—PROPOSTA DE RESOLUCIÓN E ELEVACIÓN Ó ÓRGANO COMPETENTE

Unha vez emitido informe favorable da Intervención de Fondos Municipais, efectuarase a oportuna proposta de resolución que terá que elevarse para a súa aprobación ó órgano que tivera concedido a subvención.

ARTIGO 27.—DEVOLUCIÓN DE CANTIDADES

As cantidades percibidas e non invertidas na finalidade para a que foi concedida a subvención, así como as cantidades non xustificadas, terán que ser devoltas á Facenda Municipal.

**CAPÍTULO III
DOS REINTEGROS**

ARTIGO 28.—SUPOSTOS DE REINTEGRO DE CANTIDADES

Procederá o reintegro das cantidades percibidas nos seguintes casos:

- a) Incumprimento da obriga de xustificación ou que dita xustificación sexa incorrecta ou insuficiente.
- b) Incumprimento da finalidade para a que a subvención fora concedida.
- c) Incumprimento das condicións impostas no outorgamento da subvención, no seu caso.
- d) Obtención da subvención sen reunir os requisitos esixidos.

ARTIGO 29.—PROCEDIMENTO DE REINTEGRO

O procedemento de reintegro iniciarase a instancia do órgano administrativo correspondente ou do fiscalizador, ordenándose o mesmo polo órgano concedente da subvención.

ARTIGO 30.—CARÁCTER DAS CANTIDADES A REINTEGRAR

As cantidades a reintegrar terán a consideración de ingresos de dereito público, sendo de aplicación para a súa cobranza o disposto na Lei Xeral Orzamentaria e no Regulamento Xeral de Recadación.

ANEXOS

ANEXO I

SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN PARA PROXECTOS.

D/Dª con D.N.I.....
na súa calidade de
ENTIDADE/ASOCIACIÓN
Con NIF.....
Domiciliada en.....Inscrita no REXISTRO DE ASOCIACIÓNS con
data
e nº do Rexistro Municipal de Asociacións.....
Domicilio para notificacións C/..... CP.....
Teléfono de contacto.....

EXPON:

Que á vista da convocatoria de subvencións relativa a

.....
.....

SOLICITA:

Lle sexa concedida unha subvención de.....€
para o proxecto
do cal o coste total ascende a.....€.
para o que se adxuntan os documentos requeridos, dando fe da veracidade dos
mesmos e certificándoos.

En a.....de..... de 200_

(Firma e selo do solicitante)

Documentos que se adxuntan

- | | |
|----------|----------|
| 1.-..... | 2.-..... |
| 3.-..... | 4.-..... |
| 5.-..... | 6.-..... |

ANEXO II**MEMORIA XERAL DA ENTIDADE**

- Nome: _____
- Domicilio: _____
C.P.: _____
- Localidade: _____ Teléfono: _____
CIF: _____
- Ano de constitución: _____
- Nº Inscripción no Rexistro Municipal: _____
- Ano de elección da Xunta Directiva: _____
- Ámbito de actuación _____
- Nº de socios/as: _____
- Nº persoas contratadas: _____
- Nº voluntarios/as: _____
- Fins: _____

- Relación de programas e actividades desenvoltos durante o ano anterior

ORZAMENTO DE INGRESOS ANUAIS DA ENTIDADE:

- Cuotas de socios: _____
 - Xerais: _____
 - Financieros: _____
 - Subvencións recibidas ou solicitadas a
Administracións Públicas: _____
 - Outros ingresos: _____
- TOTAL ORZAMENTO DE INGRESOS:** _____

_____ a _____ de _____ de 200_

Firmado: _____

ANEXO III

MEMORIA EXPLICATIVA DO PROXECTO PARA O QUE SE SOLICITA SUBVENCIÓN

DENOMINACIÓN DA CONVOCATORIA: _____

- Fundamentación do proxecto.
- Obxectivos que persegue.
- Descrición do sector de poboación ó que se dirixe.
- Número de destinatarios e idades.
- Descrición e desenvolvemento de actividades.

Descrición das actividades e coste:

--	--

Temporalización

--	--

- Recursos humanos e materiais a utilizar.
- Formas de avaliación do proxecto.
 - Resultados.
 - Impacto.
- Orzamento detaiado:

INGRESOS:

- Subvención solicitada ó Concello de O NIGRAN
- Subvención solicitada a outras Entidades/Admón.: _____
- Aportación da Entidade solicitante: _____

- Aportación de usuarios: _____
- Aportación de socios: _____
- Aportación doutras entidades: _____
- Outros: _____

TOTAL DE INGRESOS

GASTOS:

Tipo	Concello	Entidade	Outras Admón.	Custe Total
Compra Material				
Arrendamentos				
Transporte				
Suministros				
Servicios Prof.				
Outros				
TOTAL GASTOS				<input style="width: 100px; height: 20px;" type="text"/>

O r z a m e n t o t o t a l d o P r o x e c t o :

- Outras subvencións demandadas, previstas e recibidas.

Cuantía total do proxecto: _____

Cuantía total solicitada nesta convocatoria de subvencións: _____

Cuantía solicitada ou percibida doutras institucións: _____

_____ a _____ de _____ de 200_

Firmado: _____

ANEXO IV

DATOS DA ENTIDADE BANCARIA Á QUE SE DEBE TRANSFERIR O IMPORTE DA SUBVENCIÓN

- Entidade titular da conta bancaria (*): _____
- Banco ou Caixa de Aforros: _____
- Domicilio: _____ C.P.: _____
- Localidade: _____ Provincia: _____
- Código do Banco ou Caixa de Aforros (4 díxitos): _____
- Código da oficina ou sucursal (4 díxitos): _____
- Díxito de Control (2 díxitos): _____
- Nº de conta corrente (10 díxitos): _____

(*) Terá que coincidir coa Entidade solicitante da subvención

_____, a _____ de _____ de 200_

Firmado: _____